ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA
CELEBRADA O XOVES 11 DE DECEMBRO DE 2025

**09. CONVOCATORIA AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL 2026.-**

**Proposta de Acordo**

**SERVIZOS SOCIAIS**
**PROCEDEMENTO.-** Convocatoria Subvenciones
**Expediente.-** 2025/A002/000022
**Ref.-**IRA/ESL/IRC/ajmc/2026

**ASUNTO: CONVOCATORIA PARA O ANO 2026 DAS AXUDAS DE EMERXENCIA MUNICIPAL.**

**INFORME-PROPOSTA**

O Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día vinteseis de decembro de dous mil vintecatro aprobou as BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL (AES), publicadas no BOP nº 27 de 10 de febreiro de 2025.

Procede a aprobación da convocatoria para 2026, concretando o prazo de presentación de solicitudes así como o orzamento dispoñible.

Ao abeiro do disposto no artigo art. 56 do RD 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*, a concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución de concesión.
Consta no expediente informe asinado pola Coordinadora do Departamento de Servizos Sociais o día 18.11.2025 con CVD: iey0pje++cDmFp8H4mdz, do seguinte teor:

"As axudas solicitadas ao abeiro desta convocatoria tramítanse polo procedemento previsto na Lei de Subvencións, e materialízanse na concesión de importes económicos ás persoas que compren os requisitos esixidos nas Bases destinadas a sufragar gastos considerados básicos para:

Alimentación e cobertura de necesidades básicas en xeral
Subministracións básicas e mantemento da vivenda
Gastos Sanitarios
Desenvolvemento de actividades de inserción social-laboral
Outros gastos excepcionais

Están dirixidas a persoas ou unidades familiares ou de convivencia e destinadas a paliar unha situación gravemente deteriorada, de urxente necesidade ou con graves problemas

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



CVD: bd30eHxG28cqobgWCBHp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

específicos que afecten á autonomía persoal, social e económica, que non pode ser resolta con recursos ou medios económicos propios, co fin de lograr o seu normal desenvolvemento humano e social.

A contía máxima anual a percibir será do 500% do IPREM en cómputo mensual para (3.000€ / ano) para as axudas de alimentación, subministracións do fogar, gastos sanitarios ou outros gastos excepcionais.
E a contía máxima anual para as axudas destinadas ao desenvolvemento de actividades de inserción sociolaboral, será do 100% do IPREM, en cómputo mensual, para (600€ / ano):
En todo caso, o importe máximo anual da totalidade das axudas de emerxencia social recibidas por unha unidade familiar ou de convivencia, non superará o 600% do IPREM no seu cómputo mensual (3.600€/ano)

Requisito de ingresos da unidade familiar ou de convivencia:

Para unidades dunha soa persoa, os ingresos máximos serán o equivalente ao importe anual do IPREM vixente o ano de formular a solicitude (en cómputo de 12 meses), ou calquera outro índice público utilizado para a consideración de vulnerabilidade que o substitúa oficialmente
Para unidades familiares superiores a un membro, dito límite increméntase un 15 % para cada membro adicional, ata unha contía máxima do 200 % do IPREM no seu cómputo mensual.

Dos ingresos totais descontaranse os gastos de alugueiro ou hipoteca ata un importe máximo de 400€ mensuais.

As bases sinalan que o modo de pago realízase prioritariamente mediante pago delegado á empresa ou entidade que presta o servizo ou puntualmente directamente na conta das persoas beneficiarias. As persoas beneficiarias contan cun prazo de 15 días hábiles para a xustificación das axudas.

Para a execución das axudas cóntase coa colaboración das farmacias do territorio municipal e unha cadea de supermercados con dúas tendas situadas en Meicende e Arteixo. Facilitan unha tarxeta a cada beneficiaria, sen custo para o concello, onde se cargan mensualmente os importes concedidos, o cal contribúe á normalización e evita unha maior exclusión do colectivo.

A xestión das axudas está sistematizada, pero a exixencia é cada vez maior no que respecta a rexistros en bases nacionais ou oficiais. Supón o tempo de traballo dunha administrativa/o a tempo completo.

PLAN ESTRATÉXICO
As axudas á mobilidade están contempladas no obxectivo estratéxico 1. Benestar e protección social do Plan Estratéxico de Subvencións, dentro da liña de actuación 1.2 Situacións de emerxencia social, que contempla estes obxectivos e indicadores.

Obxectivos:

- Proporcionar cobertura ás necesidades vitais básicas.

- Cubrir as necesidades das persoas menores en situación de desprotección e vulnerabilidade.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



CVD: bd30eHxG28cqobgWCBHp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

Indicadores de avaliación: Número de persoas beneficiarias e importe medio por persoa.

Os datos dos anos anteriores son os que seguen, tendo en conta que neste ano que andamos contabilizamos os datos ata o 31 de outubro:

| | **ANO 2024** | **ANO 2025 (10 meses)** |
|---|---|---|
| Mulleres | 113 | 120 |
| Homes | 32 | 28 |
| Alimentación | 73,26% | 84,33 % |
| Vivenda | 7,76% | 8,20 % |
| Subministracións | 3,63% | 0,14 % |
| Sanitarios | 6,18% | 5,92 % |
| Outros | 9,17% | 0,00 % |

COMPETENCIAS MUNICIPAIS:
A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a través do seu artigo 2, modificado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, indica que se debe asegurar aos Concellos, entre outras administracións, o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses para o que se lles atribúe competencias que lles permitan a atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da entidade local para o cumprimento dos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia.

E o artigo 26.1.c), establece para o Municipio como competencia propia a de “avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social”, no que se enmarcan estas axudas.

As axudas teñen un carácter complementario doutras prestacións económicas xestionadas por calquera outra Administración de ámbito superior ao local.

LEXISLACIÓN APLICABLE:
1. Lei galega 13/2008 do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, modificada pola Lei 8/2016 do 8 de xullo.
2. Decreto galego 99/2012 do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, modificado polo Decreto 148/2014 do 6 de novembro.
3. Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, modificada pola Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local.
4. Ley 39/2015 de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo común de la Administración Común.
5. Ley 40/2015 de 1 de octubre, del Régimen jurídico del Sector Público.
6. Ley 38/2003 del 17 de noviembre, General de Subvenciones.
7. Real Decreto 887/2006 del 21 de julio, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley 38/2003 del 17 de noviembre, General de Subvenciones.
8. Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de Transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno.
9. Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia
10. Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



CVD: bd30eHxG28cqobgWCBHp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

11. Plan Estratéxico de subvencións do Concello.
12. Ademais de toda aquela normativa estatal e autonómica que sexa de aplicación, ben porque as modifica, ben porque as complementa naqueles aspectos non contemplados.

**PROPOSTA:**

- Aprobar a Convocatoria para o ano 2026, das axudas de emerxencia social, do Concello de Arteixo.
- Crédito anual de 135.000,00€
- Partida orzamentaria 231.48903 do Orzamento municipal de 2026, quedando condicionada a concesión destas subvencións á existencia de crédito axeitado e suficiente.

.....”

Por todo o exposto, proponse a adopción dos seguintes acordos:

**PROPOÑO**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a Convocatoria das axudas de Emerxencia social do Concello de Arteixo, para o ano 2026, que se transcribe no ANEXO I, coas seguintes condicións:

- Crédito: 135.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 231.48903 do Orzamento municipal de 2026, quedando condicionada a concesión de subvencións á existencia de crédito axeitado e suficiente.
- Prazo de presentación: Durante todo o ano 2026.

**SEGUNDO.-** Ordenar a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, a través da Base Nacional de Subvención, no taboleiro de anuncios e súa difusión na páxina web do concello.

**TERCEIRO.-** Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Servizos Sociais deste concello, así como á Intervención Municipal.

Asina dixitalmente en Arteixo, na data do documento electrónico.- Inés Ramos Álvarez Concelleira de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación.

CVD: bd30eHxG28cqobgWCBHp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

**ANEXO I**
**CONVOCATORIA PARA O ANO 2026 DAS AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL E PARA A INSERCIÓN SOCIAL DO CONCELLO DE ARTEIXO**

## ARTIGO 1.-OBXECTO

Mediante esta disposición convócanse as axudas de Emerxencia social e para a inserción social, destinadas a paliar unha situación gravemente deteriorada, de urxente necesidade ou con graves problemas específicos que afecten á autonomía persoal, social e económica, que non pode ser resolta con recursos ou medios económicos propios, co fin de lograr o seu normal desenvolvemento humano e social.

As persoas beneficiarias deberán cumprir os requisitos establecidos nas BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL (AES) publicadas no BOP nº 8 de 14 de xaneiro de 2025.

Tendo en conta o obxecto e a finalidade destas axudas, o procedemento de concesión tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

## ARTIGO 2.- PRAZO E PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación estará aberto ao longo do ano 2026.

As solicitudes presentaranse a través do formulario normalizado, acompañadas da documentación preceptiva.

## ARTIGO 3.- CRÉDITO

O importe total destinado a estas subvencións é de 135.000,00€ e faranse efectivas con cargo á aplicación 231.48903 do Orzamento municipal de 2026, quedando condicionada a súa concesión á existencia de crédito axeitado e suficiente.

## ARTIGO 4.- REQUISITOS

1. Ter 18 anos cumpridos ou estar emancipado ou emancipada.
2. Contar con permiso, autorización de residencia e/ou traballo neste país.
3. Ter residencia efectiva neste Concello durante os **doce meses anteriores** á presentación da solicitude.
4. Que os gastos para os que se solicita axuda, sexan valorados polo persoal do Departamento de Servizos Sociais, como indispensables para a prevención da marxinación.
5. Contar cun proxecto de Intervención social, Inclusión ou Educación Familiar neste Concello, así como participar activamente no seu desenvolvemento.
6. Pertencer a un colectivo en situación de vulnerabilidade social, violencia de xénero ou calquera outra circunstancia de risco ou vulnerabilidade social, valorada como tal, polo persoal técnico do Departamento de S. Sociais.
7. Acreditar recursos económicos insuficientes na unidade familiar, para a satisfacción da necesidade para a que se solicita axuda.

## ARTIGO 5.- INSTRUCIÓN DO PROCEDEMENTO E RESOLUCIÓN

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



CVD: bd30eHxG28cqobgWCBHp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

A instrución do procedemento corresponde ao Departamento de Servizos Sociais do Concello de Arteixo. Corresponde á Concelleira Delegada en materia de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación, a súa concesión ou desestimación.

**ARTIGO 6.- DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A SOLICITUDE DAS AXUDAS**

1. Solicitude, segundo modelo normalizado do Concello de Arteixo.
2. Orixinal do DNI, TIE da solicitante e dos membros da unidade familiar que o posúan.
3. No suposto de persoas estranxeiras, tarxeta de asilo ou refuxio ou calquera outro documento que permita acreditar a súa identidade e a súa estadía legal no país.
4. Orixinal do Libro de Familia, ou documento equivalente.
5. Documentación que acredite os ingresos económicos e/ou recursos patrimoniais, de todos os membros da unidade familiar ou de convivencia.
6. Tarxeta actualizada de demandante de emprego se é o caso.
7. Documentos acreditativos da situación de necesidade.
8. Calquera outra documentación que se considere pertinente para avaliar a situación de vulnerabilidade social.

**ARTIGO 7.- SUBSANACIÓN E REFORMULACIÓN DE SOLICITUDES.**

Cando a solicitude non reúna os requisitos sinalados no artigo 66 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou non se acompañe a documentación esixida, requirirase á persoa interesada para que, no prazo de 10 días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, considerarase desistida na súa petición poñendo fin ao procedemento.

As Bases que rexen estas axudas non prevén a posibilidade de reformulación de solicitudes, establecida o artigo 27 da Lei Xeral de Subvencións, sen prexuízo da corrección prevista na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**ARTIGO 8.- RÉXIME DE RECURSOS CONTRA A RESOLUCIÓN**

Contra a resolución, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e 8, 45 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, poderase interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido ou recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción da notificación.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou produciuse a súa desestimación por silencio administrativo.

**ARTIGO 9.- VALORACIÓN**

Na valoración das axudas, a traballadora social de referencia, terá en conta que a solicitante e a súa familia ou unidade de convivencia se atope nunha situación de necesidade social e que os ingresos totais da unidade familiar sexan inferiores ao importe anual do IPREM vixente o ano de formular a solicitude, en cómputo de 12 meses.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



CVD: bd30eHxG28cqobgWCBHp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

No caso de que o/a solicitante constitúa unha familia monoparental con menores a cargo, ou con persoa con valoración de dependencia ou discapacidade a cargo, incrementarase nun 0,80 % o número de persoas computables.

**ARTIGO 10.- XUSTIFICACIÓN**

As persoas beneficiarias están obrigadas á xustificación das axudas concedidas, como mínimo na cantidade igual ao importe concedido no prazo de **quince días hábiles (15)** desde a data do ingreso da axuda na conta bancaria que designe, e, en todo caso, o 30 de xaneiro de cada ano, para aquelas axudas concedidas na mesa do mes de decembro anterior.

**ARTIGO 11.- PROCEDEMENTO DE NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE**

As axudas denegadas serán notificadas, preferentemente por medios electrónicos, a cada solicitante con indicación da causa de denegación. As axudas concedidas, serán publicadas no taboleiro de anuncios de cada centro no que se preste atención social, garantindo o anonimato das persoas beneficiarias.

**ARTIGO 12.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

De conformidade coa Lei orgánica 3/2018 do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado "**SIUSS**", co obxecto de xestionar o presente procedemento e informar as persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é o Concello de Arteixo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante o Alcalde do Concello de Arteixo, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Rúa Alcalde Ramón Dopico, núm. 1, 15142 Arteixo (A Coruña), ou a través dun correo electrónico a alcaldia@arteixo.org.

**ARTIGO 13.- REMISIÓN NORMATIVA**

En todo o non recollido nesta disposición aplicarase o disposto nas Bases publicadas no BOP número 8 de 14 de xaneiro de 2.025; na Lei 39/2015, do 1 de outubro; na Ordenanza municipal núm. 26 reguladora da concesión de subvencións municipais publicado no BOP do 23/04/2018; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento; na Lei 38/2003, de 17 de novembro, *General de Subvenciones*, e no seu Regulamento publicado no Decreto 887/2006, do 21 de xullo, ademais de toda aquela que pola súa materia especifica sexa aplicable.

**DISPOSICIÓN DERRADEIRA.- ENTRADA EN VIGOR**

Esta convocatoria entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín oficial da Provincia.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



CVD: bd30eHxG28cqobgWCBHp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

## ANEXO I

## CONVOCATORIA PARA El AÑO 2026 DE LAS AYUDAS DE EMERGENCIA SOCIAL Y PARA LA INSERCIÓN SOCIAL DEL AYUNTAMIENTO DE ARTEIXO

### ARTÍCULO 1.-OBJETO

Mediante esta disposición se convocan las ayudas de Emergencia social y para la inserción social, destinadas a paliar una situación gravemente deteriorada, de urgente necesidad o con graves problemas específicos que afecten a la autonomía personal, social y económica, que no puede ser resuelta con recursos o medios económicos propios, con el fin de lograr su normal desarrollo humano y social. Las personas beneficiarias deberán cumplir los requisitos establecidos en las BASES REGULADORAS DEL PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DE AYUDAS DE EMERGENCIA SOCIAL (AES) publicadas en el BOP nº8 de 14 de enero de 2025.

Teniendo en cuenta el objeto y la finalidad de estas ayudas, el procedimiento de concesión se tramitará en régimen de concurrencia no competitiva, de acuerdo con el establecido en el artículo 19.2 de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de subvenciones de Galicia.

### ARTÍCULO 2.- PLAZO Y PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

El plazo de presentación estará abierto a lo largo del año 2026.

Las solicitudes se presentarán a través del formulario normalizado, acompañadas de la documentación preceptiva.

### ARTÍCULO 3.- CRÉDITO

El importe total destinado a estas subvenciones es de 135.000,00€ y se harán efectivas con cargo a la aplicación 231.48903 del Presupuesto municipal de 2026, quedando condicionada su concesión a la existencia de crédito idóneo y suficiente.

### ARTÍCULO 4.- REQUISITOS

1. Tener 18 años cumplidos o estar emancipado o emancipada.
2. Contar con permiso, autorización de residencia y/o trabajo en este país.
3. Tener residencia efectiva en este Ayuntamiento durante los doce meses anteriores a la presentación de la solicitud.
4. Que los gastos para los que se solicita ayuda, sean valorados por el personal del Departamento de Servicios Sociales, como indispensables para la prevención de la marginación.
5. Contar con un proyecto de Intervención social, Inclusión o Educación Familiar en este Ayuntamiento, así como participar activamente en su desarrollo.
6. 4. Pertenecer a un colectivo en situación de vulnerabilidad social, violencia de género o cualquier otra circunstancia de riesgo o vulnerabilidad social, valorada como tal, por el personal técnico del Departamento de S. Sociales.
7. Acreditar recursos económicos insuficientes en la unidad familiar, para la satisfacción de la necesidad para la que se solicita ayuda.

CVD: bd30eHxG28cqobgWCBHp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

## ARTÍCULO 5.- INSTRUCCIÓN DEL PROCEDIMIENTO Y RESOLUCIÓN

La instrucción del procedimiento corresponde al Departamento de Servicios Sociales del Ayuntamiento de Arteixo. Corresponde a la Concejala Delegada en materia de Igualdad, Servicios Sociales, Sanidad y Educación, su concesión o desestimación.

## ARTÍCULO 6.- DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA LA SOLICITUD DE LAS AYUDAS

1. Solicitud, según modelo normalizado del Ayuntamiento de Arteixo.
2. Original del DNI, TIE de la solicitante y de los miembros de la unidad familiar que lo posean.
3. En el supuesto de personas extranjeras, tarjeta de asilo o refugio o cualquier otro documento que permita acreditar su identidad y su estadía legal en el país.
4. Original del Libro de Familia, o documento equivalente.
5. Documentación que acredite los ingresos económicos y/o recursos patrimoniales, de todos los miembros de la unidad familiar o de convivencia.
6. Tarjeta actualizada de demandante de empleo si es el caso.
7. Documentos acreditativos de la situación de necesidad.
8. Cualquier otra documentación que se considere pertinente para evaluar la situación de vulnerabilidad social.

## ARTÍCULO 7.- SUBSANACIÓN Y REFORMULACIÓN DE SOLICITUDES.

Cuando la solicitud no reúna los requisitos señalados en el artículo 66 de la Ley 39/2015, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, o no se acompañe la documentación exigida, se requerirá a la persona interesada para que, en el plazo de 10 días, enmiende la falta o acompañe los documentos preceptivos, con indicación de que, si así no lo hiciera, se considerará desistida en su petición poniendo fin al procedimiento.

Las Bases que rigen estas ayudas no prevén la posibilidad de reformulación de solicitudes, establecida el artículo 27 de la Ley General de Subvenciones, sin perjuicio de la corrección prevista en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas.

## ARTÍCULO 8.- RÉGIMEN DE RECURSOS CONTRA LA RESOLUCIÓN

Contra la resolución, que ponen fin a la vía administrativa, y de conformidad con el dispuesto en los artículos 123 y 124 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, y 8, 45 y 46 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, se podrá interponer recurso de reposición ante el mismo órgano que dictó el acto recurrido o recurso contencioso administrativo, delante del Juzgado de lo Contencioso Administrativo, dentro del plazo de dos meses contados desde el día siguiente al de la recepción de la notificación. En caso de optar por el recurso potestativo de reposición no se podrá interponer el recurso contencioso-administrativo hasta que aquel sea resuelto expresamente o se produjo su desestimación por silencio administrativo.

## ARTÍCULO 9.- VALORACIÓN

En la valoración de las ayudas, la trabajadora social de referencia, tendrá en cuenta que la solicitante y su familia o unidad de convivencia se encuentre en una situación de necesidad

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



CVD: bd30eHxG28cqobgWCBHp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

social y que los ingresos totales de la unidad familiar sean inferiores al importe anual del IPREM vigente el año de formular la solicitud, en cómputo de 12 meses.
En caso de que el/la solicitante constituya una familia monoparental con menores a cargo, o con persona con valoración de dependencia o discapacidad a cargo, se incrementará en un 0,80 % el número de personas computables.

**ARTÍCULO 10.- JUSTIFICACIÓN**

Las personas beneficiarias están obligadas a la justificación de las ayudas concedidas, como mínimo en la cantidad igual al importe concedido en el plazo de quince días hábiles (15) desde la fecha del ingreso de la ayuda en la cuenta bancaria que designe, y, en todo caso, el 30 de enero de cada año, para aquellas ayudas concedidas en la mesa del mes de diciembre anterior.

**ARTÍCULO 11.- PROCEDIMIENTO DE NOTIFICACIÓN Y PUBLICIDAD**

Las ayudas denegadas serán notificadas, preferentemente por medios electrónicos, a cada solicitante con indicación de la causa de denegación. Las ayudas concedidas, serán publicadas en el tablón de anuncios de cada centro en el que se preste atención social, garantizando el anonimato de las personas beneficiarias.

**ARTÍCULO 12.- DATOS DE CARÁCTER PERSONAL**

De conformidad con la Ley orgánica 3/2018 de 5 de diciembre, de protección de datos de carácter personal, los datos personales recogidos en la tramitación de este procedimiento, cuyo tratamiento y publicación autoricen las personas interesadas mediante la presentación de las solicitudes, serán incluidos en un fichero denominado **"SIUSS"**, con el objeto de gestionar el presente procedimiento e informar a las personas interesadas sobre su tramitación. El órgano responsable de este fichero es el Ayuntamiento de Arteixo. Los derechos de acceso, rectificación, cancelación y oposición se podrán ejercer ante el Alcalde del Ayuntamiento de Arteixo, mediante el envío de una comunicación a la siguiente dirección: Rúa Alcalde Ramón Dopico, núm. 1, 15142 Arteixo (A Coruña), o a través de un correo electrónico a alcaldia@arteixo.org.

**ARTÍCULO 13.- REMISIÓN NORMATIVA**

En todo lo no recogido en esta disposición se aplicará el dispuesto en las Bases publicadas en el BOP número 8 de 14 de enero de 2.025; en la Ley 39/2015, de 1 de octubre; en la Ordenanza municipal núm. 26 reguladora de la concesión de subvenciones municipales publicada en el BOP del 23/04/2018; en la Ley 9/2007, de 13 de junio, en el Decreto 11/2009, de 8 de enero, por el que se aprueba su reglamento; en la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, y en su Reglamento publicado en el Decreto 887/2006, de 21 de julio, además de toda aquella que por su materia especifica sea aplicable.

**DISPOSICIÓN ÚLTIMA.- ENTRADA EN VIGOR**

Esta convocatoria entrará en vigor al día siguiente de su publicación en el Boletín oficial de la Provincia.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



CVD: bd30eHxG28cqobgWCBHp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

** Polo Secretario Xeral, dase conta que obra no expediente informe de Intervención (CVD: RYoB7TLh+RpyXPQEUKh2), emitido pola Viceinterventora Municipal, Dna. Luz María Villa Álvarez, en data 27 de novembro de 2025 coa seguinte conclusión:

“En **CONCLUSIÓN**, á vista das comprobacións efectuadas fiscalízase de conformidade cas observacións que figuran no mesmo en esta fase do procedemento nos termos e condicións descritos.”

Visto o anterior, e considerando que a adopción deste acordo é competencia desta Xunta de Goberno Local en virtude das delegacións efectuadas polo Alcalde deste Concello, mediante decreto 2005/2023 de data 19 de xuño do 2023, a Xunta de Goberno Local, en VOTACIÓN ORDINARIA e por UNANIMIDADE DOS/AS PRESENTES, acorda prestar aprobación aos acordos transcritos na proposta que se deixa reflectida.

Asina dixitalmente na data do documento electrónico. José María Vázquez Pita (SECRETARIO XERAL)

CVD: bd30eHxG28cqobgWCBHp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)